



# TOMO I

**COLEXIO DA NOSA SEÑORA DA ANTIGA – MONFORTE DE LEMOS**

DOCUMENTACIÓN PARA A DECLARACIÓN DE BEN DE INTERESE CULTURAL

Rosa Ana Guerra Pestonit, arquitecta

Luisa Serrano García, arquitecta

María Dolores Lago Arce, historiadora e restauradora

Decembro de 2017

## TOMO I

OBXECTO .....	3
I. IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN .....	5
I.1 Denominación.....	5
I.2 Localización.....	5
I.3 Contorno.....	8
I.4 Descripción .....	16
I.5 Usos .....	39
II. RÉXIME DE PROTECCIÓN .....	43
II.1 Natureza e categoría.....	43
II.2 Nivel de protección.....	43
II.3 Bens adscritos .....	43
II.4 Réxime de protección .....	49
II.5 Propiedade.....	54
III. DELIMITACIÓN .....	55
III.1 Descripción .....	55
III.2 Planimetría.....	58
IV. FOTOGRAFÍAS E DOCUMENTOS GRÁFICOS .....	62
IV.1 Levantamentos existentes.....	62
IV.2 Planos históricos .....	70
IV.3 Fotografías históricas.....	72
IV.4 Outros documentos gráficos .....	78
V. BIBLIOGRAFÍA.....	79
V.1 Bibliografía xeral .....	79
V.2 Referencias XORNALÍSTICAS .....	86

## TOMO II

- Anexo 1- Documentos administrativos
- Anexo 2- Fichas de bens móbiles e inmóveis contidos no edificio
- Anexo 3- Publicacións académicas
- Anexo 4- Referencias xornalísticas



## OBXECTO

Este documento ten por obxecto fundamentar o interese do monumento denominado Colexio da Nosa Señora da Antiga, de Monforte de Lemos para a súa declaración como ben de interese cultural de Galicia.

Realízase por encargo da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (EXP SAE 2017/168).

As autoras do traballo son:

Rosa Ana Guerra Pestonit, arquitecta<sup>1</sup>  
Luisa Serrano García, arquitecta, e  
María Dolores Lago Arce, historiadora e restauradora.

O edificio é un dos expoñentes más significativos do clasicismo herreriano de Galicia. De feito, foi varias veces atribuído erroneamente a Juan de Herrera.



Figura 1. A fachada do Colexio de Nosa Señora da Antiga

Está situado no que no seu momento foi un arrabalde de Monforte, algo separado da elevación que dá nome á cidade, ó suroeste, preto do río Cabe e presidindo a explanada de espazo público

---

<sup>1</sup> Profesora do Departamento de Enxeñería Agroforestal da Universidade de Santiago de Compostela

denominada Campo da Compañía. É un edificio exento que destaca a simple vista pola importancia do seu volume, a composición simétrica da súa longa fachada granítica e a súa unidade de estilo.

A súa riqueza arquitectónica é innegable: a modo de exemplo, a singularidade da súa cúpula trasdosada ou a suntuosidade clásica da súa igrexa. Non o é menos a riqueza de obras de arte que alberga, nas que destacan dous Grecos, e que xustifican a existencia dun pequeno museo dentro do edificio.

Pero se os valores artísticos do monumento son extraordinarios, tamén o é a historia que o acompañou desde a súa concepción: a pouco habitual dobre autoría das súas trazas (asinadas por un austero xesuíta castelán e un manierista sevillano); a conservación dun documento notarial que describe detalladamente a obra; as incidencias da construcción (cambios no proxecto, preitos, paralizacións, epidemias, terremotos, asaltos, incendios...) e, finalmente, a aparición dun cadro cuxa accidentada venda permitiu rematar partes moi importantes do edificio, xa no século XX, e que xerou unha polémica que tería transcendencia no desenvolvemento posterior da lexislación de protección do patrimonio artístico.

Pero ademais, contén un valor intanxible que merece ser destacado e que é o seu *uso*. O edificio foi concibido desde o seu comezo como colexio e mantívose como colexio de forma continuada ata a actualidade, ó longo de máis de catrocentos anos nos que foi unha referencia na formación de xeracións, non só da comarca, senón e toda Galicia. Hoxe, fiel á súa orixe, alberga un activo centro de ensino concertado rexido polos Pais Escolapios con máis de cincocentos alumnos.

---

No documento fanse referencias as distintas partes do edificio utilizando indistintamente a súa orientación xeográfica (téñase en conta que a igrexa non sigue a orientación canónica) ou as expresións *dereita* e *esquerda*. Estas últimas deben interpretarse considerando ó observador situado fronte a fachada principal. Dentro da igrexa utilízanse as referencias habituais de *lado do evanxeo* e *lado da epístola*.

As escalas numéricas que aparecen nos pés dalgunhas figuras son exactas sempre que o documento se reproduza co tamaño orixinal.

As referencias bibliográficas nas que se apoia o texto indícanse en forma abreviada mediante notas ao pé e lístanse completas no apartado V de bibliografía.

## I. IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN

### I.1 DENOMINACIÓN

Na documentación histórica, redactada en castelán, o edificio aparece nomeado como «Colegio de Nuestra Señora de la Antigua»<sup>2</sup>. O nome en galego é **Colexio da Nosa Señora da Antiga**.

Outras denominacións coas que se cita son as de *Colexio do Cardeal*,<sup>3</sup> *Colexio de Monforte*,<sup>4</sup> *Colexio da Compañía*.<sup>5</sup> Popularmente coñécese tamén como *Colexio dos Pais Escolapios*, *Colexio San Xosé de Calasanz*, *Convento da Compañía*, *Convento dos Escolapios*, *Os Escolapios* ou *A Compañía*.<sup>6</sup>

Todos estes nomes débense a que o fundador e mecenas do Colexio foi o cardeal de Sevilla don Rodrigo de Castro, os primeiros encargados do seu goberno foron os xesuítas e, na actualidade, é un colexio rexido por relixiosos Escolapios.

### I.2 LOCALIZACIÓN

#### a. Localización administrativa

Localízase no casco urbano do concello de Monforte de Lemos, provincia de Lugo.

<sup>2</sup> « [...] fundo ynstituio y docto el dicho Colegio de la compaňia del Santo nombre de Jesus cuya advocación a de ser y quiero que sea y se llame y nombre de **nuestra Señora de lantigua** [...]. » «Fundación y dotación del Colegio de Monforte de Lemos» (Ms., Archivo Histórico Nacional; Sección Clero: Jesuitas, mazo 63, 1593), citado en Armando Cotarelo Valledor, *El Cardenal don Rodrigo de Castro y su fundación en Monforte de Lemos* (Madrid: Magisterio Español, 1945-1946), 2:295-296. (Grosa engadida).

« [...] En la obra del **colegio de nrz. señora de la antigua** de la comp<sup>a</sup> de Jhs de la villa de monforte de lemos [...]. » «Tasación de lo obrado y condiciones para la prosecución de las obras» (Ms., Arquivo do Colexio de Monforte, mazo 2, núm. 5, 1598), citado en Cotarelo, *El cardenal Don Rodrigo...*, 2:310. (Grosa engadida).

<sup>3</sup> «El **Colegio del Cardenal** o de Nuestra Señora de la Antigua, en Monforte de Lemos (Lugo)». Antonio Bonet Correa, *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII* (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1984), 177-188. (Grosa engadida).

<sup>4</sup> «Nacimiento y patronazgo del **Colegio de Monforte**». Evaristo Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas: sus colegios y enseñanzas en los siglos XVI al XVIII* (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1989), 277 ss. (Grosa engadida).

<sup>5</sup> María Luisa Lorenzana Lamela, *Aportación documental al estudio histórico-artístico de dos fundaciones monfortinas: el Colegio de la Compañía y el Convento de las Clarisas* (Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1989). (Grosa engadida).

<sup>6</sup> E as correspondentes versións en castelán.



Figura 2. Situación do Colexio (sobre plano escala do IGN a escala orixinal 1:25 000)

### b. Microtoponimia asociada

A documentación histórica orixinal é parca en referencias a topónimos dos terreos onde se asenta o Colexio. No documento de *Condicións*, que se redacta para a poxa das obras, indícase « [...] en el sitio que por mandado de su Señoría Ilustrísima se había comprado yendo de la dicha villa para la ermita del señor San Lázaro. [...] ».<sup>7</sup> Noutro documento de cesión de terreos figura « [...] mandaba hacer y edificar una Iglesia colegio y escuelas, en el sitio que está junto a la puente San Lázaro, [...] ».<sup>8</sup>

O historiador Armando Cotarelo Valledor, investigador do arquivo do Colexio e autor dunha monografía sobre o promotor da obra, o cardeal Don Rodrigo de Castro, describe o lugar como « [...] en las frondosas márgenes del Cabe en la parte oeste de la villa, pasado el arroyo y llamada “el Arrabal”, hacia el barrio de Carúa [sic], caminando a la ermita de San Lázaro ».<sup>9</sup>

No mapa de Fontán aparece o termo *Carud*, se ben o sitúa na outra marxe do río Cabe.<sup>10</sup> Na actualidade Carude é un barrio, unha rúa e unha praza nas proximidades do Colexio.

<sup>7</sup> «Condiciones para la construcción del Colegio de Monforte de Lemos» (Ms., Archivo do Colexio de Monforte, mazo 2 núm. 2, 1592), en Cotarelo, *El Cardenal don Rodrigo...*, 2:265

<sup>8</sup> «Cesión del terreno para lonja ante el Colegio de Monforte de Lemos» (Ms., Archivo do Colexio de Monforte, mazo 2 núm 3, 1593), citado en Cotarelo, *El Cardenal don Rodrigo...*, 2:293

<sup>9</sup> Cotarelo, *El Cardenal Don Rodrigo...*, 1:295.

<sup>10</sup> Domingo Fontán Rodríguez, *Carta geométrica de Galicia, dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos...* (París: Imprimerie de Lemercier, 1845).




Figura 3. Detalle do mapa de Fontán co topónomo Carud

Os terreos onde se asentou o Colexio están cruzados por un regato. Cotarelo di que «[...] linda al N. con el majestuoso Cabe, al E. con el arroyo de San Lázaro, [...].».<sup>11</sup> Pola orientación indicada parece referirse ó que actualmente recibe o nome de regato das Malloadas.

#### c. Enderezo postal

O enderezo do Colexio é Campo da Compañía, 50 de Monforte de Lemos (Lugo). Hai unha contradición coa referencia catastral na que figura como Campo da Compañía, 2.

O código postal é 27400.

#### d. Coordenadas xeográficas

Proporcionanase as coordenadas xeográficas no sistema de referencia ETRS89, do fuso 29 para os puntos más significativos do edificio.

Táboa 1. Coordenadas dos puntos más significativos

Punto	Referencia	Latitude	Lonxitude	X	Y
1	Centro da cúpula	42º 31' 6,24"N	7º 31' 1,25" W	621 816,74	4 708 401,72
2	Centro da fachada	42º 31' 5,63" N	7º 31' 0,30" W	621 838,66	4 708 383,44
3	Extremo S da fachada.	42º 31' 4,19" N	7º 31' 1,83" W	621 804,63	4 708 338,26
4	Extremo N da fachada	42º 31' 7,08" N	7º 30' 58,87" W	621 870,49	4 708 428,57
5	Extremo N da fachada NE	42º 31' 8,59" N	7º 31' 1,62" W	621 807,10	4 708 474,02
6	Extremo W da fachada SW	42º 31' 5,21" N	7º 31' 3,11" W	621 774,77	4 708 369,36

<sup>11</sup> Cotarelo, *El Cardenal don Rodrigo..., 1:296.*




Figura 4. Puntos listados na táboa de coordenadas. Escala 1:2000.

#### e. Referencia catastral

A referencia catastral do Colexio e a súa parcela é: 1986001PH2018N0001IA

O titular que consta no Catastro é *Casa de Escuelas Pías de Monforte (PP. Escolapios)*.

Achégase a certificación catastral no Anexo 1 (Tomo II).

### I.3 CONTORNO

#### a. Características do contorno

A zona na que se sitúa o edificio está fora do recinto amurallado e ao suroeste da cidade. A construcción do Colexio da Nosa Señora da Antiga foi una das actuacións más importantes no desenrollo urbano de Monforte. Os terreos nos que se asenta están á beira do río Cabe, nun espazo chairo ao pé do antigo camiño que unía a cidade co barrio de Carude.

Diante do edificio xérase o maior espazo público fóra do recinto amurallado, o Campo da Compañía, formado por una gran explanada que abrangue a fronte do Colexio e se complementa coa zona arborada ao sur. Este gran espazo baleiro, diante da fachada principal do Colexio, potencia a monumentalidade do edificio, dándolle a perspectiva que a súa singularidade precisa.

O Campo da Compañía únese co centro da cidade mediante unha rúa ampla e recta creada ao mesmo tempo que o Colexio por orde do cardeal don Rodrigo, e que hoxe leva o seu nome.



Figura 5. Foto aérea do edificio e o seu entorno

O Campo da Compañía queda delimitado ao leste polas frontes edificadas das rúas Escultor Francisco Moure e Campo da Compañía, e ao sur pola do Paseo de Lugo. As edificacións destas frontes sufriron alteracións e nalgúns casos foron substituídas, modificando a configuración orixinal, tanto en volume como na composición das fachadas.

Ao norte do edificio, nos terreos que no seu día formaron parte da parcela do Colexio, sitúase un aparcamento público e o Parque dos Condes. O Parque dos Condes inclúe no seu trazado o regato das Malloadas, restos da cerca de peche da parcela e os restos da antiga ponte, xerando un espazo verde de calidade dentro da cidade. A proximidade do aparcamento ao edificio, sen zona de transición, as súas dimensións, o material de pavimentación (asfalto) e a ausencia de elementos vexetais, fan que cobre excesiva presenza.



Figura 6. Elementos que definen o contorno do Colexio

Polo linde noroeste rodéao una zona pública de lecer vinculada ao río. A presenza do volume do polideportivo do Colexio interfere nas vistas do edificio e desfigura a percepción do conxunto dende este espazo público. Continuando polo paseo peonil á beira do Cabe, a vexetación encadra as vistas do conxunto sen interferir negativamente na súa visión.



Figura 7. Vista desde o espazo público á beira do Cabe, oculta parcialmente polo volume do polideportivo.

Continuando polo camiño á beira do río e rodeando a parcela do edificio, accédese de novo á trama urbana. O camiño desemboca na rúa Acea Nova, topónimo que fai alusión antigo muíño que aínda se conserva, se ben en mal estado. Nesta zona as vivendas antigas mestúranse coas edificacións más recentes; é una zona residual dentro da trama urbana con algúns dos edificios sen acabados exteriores e volumes excesivos visibles dende a parcela do Colexio.



Figura 8. Edificacións no linde suroeste da parcela vistas desde o pé do Colexio




Figura 9. Edificacións no lindo suroeste da parcela vistas desde as torres do Colexio

### b. Bens culturais próximos

Lístase a continuación a relación de bens culturais situados no entorno do Colexio, obtida da documentación do PERCH.<sup>12</sup>

- Conxunto Histórico-Artístico, declarado Ben de Interese Cultural mediante Decreto 187/2005, de 16 de xuño, que modifica o anterior de data 22 de febreiro de 1973
- Muralla e Fortaleza (segundo Decreto de 22 de abril de 1949)
- Elementos declarados pola aplicación da lexislación de patrimonio:
  - Restos ocultos ou visibles das antigas murallas, na área do recinto murado de San Vicente.
- Cruceiros e Escudos:
  - Cruceiro de Santa Clara.
  - Cruceiro do Campo de San Antonio.
  - Cruceiro da Praza de España.
  - Escudo no edificio sito na Praza de España, 9.
  - Escudo no edificio sito na Rúa do Comercio, 6.
  - Escudo no edificio sito na Rúa do Comercio, 17.
  - Escudo no edificio sito na rúa Doutor Casares, 20.
  - Escudos no edificio sito na rúa Ricardo Quiroga, 6.
  - Escudo no edificio sito na rúa Florida, 6.

---

<sup>12</sup> Oficina de Planeamento, «Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico – Artístico de Monforte de Lemos» (A Coruña, 2016).

- Escudo no edificio sito na rúa Falagueira, 5.
- Escudo no edificio sito no Campo de San Antonio, 11.
- Escudo no edificio sito na rúa Doutor Teijeiro, 39.
- Escudos no edificio do antigo Pazo Condal.
- Escudo no edificio do antigo Mosteiro de San Vicente.
- Selo no edificio sito na rúa Antonio Méndez Casal, 3.
- Selo no edificio sito na rúa Cardeal Rodrigo de Castro, 18.

### c. Situación urbanística

O edificio está situado dentro da delimitación do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos, que foi declarado Ben de Interese Cultural mediante Decreto 187/2005, de 16 de xuño, que modifica o anterior de data 22 de febreiro de 1973, incorporando como zonas de respecto os Barrios de Carude, Ramberde e Praza do Piñeiro, así como as beiras do río Cabe.

#### Planeamento xeral

O Planeamento Xeral en vigor para o municipio de Monforte de Lemos son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas en data 1 de outubro de 1985.

O edificio do Colexio da Nosa Señora da Antiga está incluído no inventario das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento provinciais co nome de *Colexio da Compañía*.

Clasificación do solo: Solo urbano

Uso: Dotacional

No contorno do Campo da Compañía establecése a ordenanza CA (Casco Antigo), especificando o seguinte: «El Casco Antiguo entorno Escolapios se regulará por la Ordenanza específica de Bellas Artes»<sup>13</sup>.

#### Planeamento de desenrollo.

Na actualidade estase a tramitar o *Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos*, aprobado inicialmente con data 10 de xullo de 2017.

A continuación especificáñanse os parámetros que definen e regulan o edificio e parcela do Colexio da Nosa Señora da Antiga:

---

<sup>13</sup> Revisión NNSS de Planeamiento en el Municipio de Monforte de Lemos, p. 30.

## PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

Codificación e parcelario (planos 3 e 4)	Cuarreirón: 19860 Unidade parcelaria: 01 Edificación principal
Idade da edificación (plano 5)	Anterior a 1960
Estado da edificación (plano 6)	—
Alturas da edificación (plano 7)	PB+2
Usos globais da edificación (plano 8)	Edificios dotacionais públicos e institucionais
Usos e intensidades da edificación (plano 9)	Edificios non residenciais
Réxime da propiedade da edificación (plano 10)	Colexio da Nosa Señora da Antiga: Institucional
Zonas verdes e equipamentos (plano 11)	Sistema de equipamentos
Valoración arquitectónica (plano 15)	Colexio da Nosa Señora da Antiga: Edificio de excepcional valor arquitectónico ou histórico
Intervencións arqueolóxicas (plano 17)	Ningunha designada no cuarteirón

## PLANOS DE ORDENACIÓN

Cualificación (plano 3)	Edificación catalogada, inclúe parte de parcela con pista deportiva e polideportivo. Equipamiento: Multiuso. M-02 “Complexo Dotacional da Compañía”
Catalogación (plano 4)	Edificio monumental




Figura 10. Catalogación. Plano 4 do PERCH aprobado inicialmente.

Achégase a ficha do Catálogo (Tomo II, Anexo 1).

## ORDENANZAS

**Ordenanza:** Áreas Urbanas Históricas Inmediatas (A.U.)

**Usos:** Dotacional

**Actuacións:**

- *Tipos de actuacións autorizadas:* Mantemento, conservación e restauración.
- *Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares:* No marco dun Plan Director ou Proxecto Integral de Conservación do edificio poderíanse autorizar actuacións de rehabilitación acompañadas das de valoración arquitectónica e de reestruturación parcial. Establecendo a Ficha do Catálogo a redacción dun Plan Director de Conservación como instrumento para a regulación das actuacións.
- *Obras parciais autorizadas:* Autorízanse, con independencia doutras actuacións xerais, obras de consolidación, así como obras de adecuación funcional tendentes ao cumprimento da Normativa de Protección de Incendios, normas técnicas sobre instalacións e accesibilidade ou similares.
- *Protección arqueolólica:* Zona B. Cautelas grao II. Controis arqueolóxicos de supervisión das remocións de terras derivadas das distintas actividades urbanísticas de adecuación e construcción.

## d. Afeccións sectoriais

Ao Ben e/ou o seu entorno de protección.

### Afeccións referidas a augas

- *Plan Hidrológico de la parte española de la demarcación hidrográfica Miño-Sil*, aprobado no Real Decreto 1/2016 de 8 de xaneiro.
- *Plan de Gestión del Riesgo de Inundación de la parte española de la Demarcación Hidrográfica del Miño-Sil*, aprobado no RD 18/2016, de 15 de xaneiro.
- Real Decreto 638/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, o Regulamento de Planificación Hidrolólica, e outros regulamentos en materia de xestión de riscos de inundación, caudais ecológicos, reservas hidrolóxicas e verteduras de augas residuais.

### Afeccións referidas a Espazos naturais

- Ambito Rede Natura 2000.

No seu entorno de protección: Zona de Especial Conservación ZEC RÍO CABE (ES 1120016).

## I.4 DESCRICIÓN

### a. Contexto e referencias históricas

O Colexio da Nosa Señora da Antiga comezouse a finais do século XVI por iniciativa do cardeal de Sevilla don Rodrigo de Castro. O Cardeal era fillo da terceira condesa de Lemos, dona Beatriz de Castro, e elixiu Monforte por ter sido a cidade na que pasara a súa infancia.<sup>14</sup>

Os seus biógrafos describíeno como un humanista refinado, amante da arte e mecenas da cultura, e tamén como un personaxe implicado na vida cortesán, a quen Felipe II encomendou tarefas delicadas. Nun momento da súa madurez, decidiu crear unha institución filantrópica na cidade da súa infancia e doarlle a súa colección de obras de arte e biblioteca. No documento fundacional especifica que se ensinase a «leer y esbrivir y Gramatica rrectorica y artes a todos los niños y personas que lo fueren a aprender y oyr sin les pedir ny llebar por ello yntereses ny otra cossa alguna».<sup>15</sup> En 1586 comezou as conversas para a creación do colexio cos xesuítas, cos que mantiña moi boa relación. En 1591 encargou a compra dos terreos e ó ano seguinte as obras saíron a poxa.<sup>16</sup>

#### *Etapa de construcción inicial: 1593-1620*

As obras do colexio comenzaron en 1593 co proxecto que redactaron Andrés Ruiz, un xesuíta da escola de Valladolid, e Vermondo Resta, o arquitecto do cardeal en Sevilla. No arquivo do Colexio consérvase o documento notarial coas condicións para a adjudicación da obra que contén unha detallada descripción.<sup>17</sup> O que se executou amosa importantes cambios que se atribúen a Juan de Tolosa, xesuíta, que asume a dirección da obra desde o mesmo ano do seu comezo. Sucédeo Simón de Monasterio, quen remata a igrexa e comeza o claustro ata a paralización das obras en 1622. Un cambio relevante foi promovido polo propio Cardeal que pediu que se ampliara a fachada a ambos lados durante a visita que fixo a Monforte en 1594, cando a obra xa estaba en marcha.<sup>18</sup> Esta ampliación alterou a traza prevista para a metade situada á dereita da igrexa ó desprazarse toda a fachada lateral á nova alianación.

A obra sufriu numerosas incidencias desde o primeiro momento: cambios de proxecto e de construtores, problemas económicos, preitos, epidemias, incendios, asaltos e terremotos. A igrexa puido consagrarse en 1619 pero, tanto a parte dedicada á escola, como a casa dos xesuítas quedaron con partes importantes sen rematar: o claustro principal estivo durante trescentos anos só con dúas pandas construídas e, da imponente fachada lateral que mira cara a cidade, só estaban construída a metade da súa lonxitude actual.<sup>19</sup>

---

<sup>14</sup> Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 1:25ss.; Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas...*, 280.

<sup>15</sup> «Fundación y dotación del Colegio», 1593, citado en Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 2:296-297.

<sup>16</sup> Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 1:295-307.

<sup>17</sup> «Condiciones para la construcción del Colegio» en Cotarelo, *El Cardenal don Rodrigo...*, 2:264-292. Tamén en Lois Vázquez Fernández, *Documentos da historia de Monforte no século de Ouro: Fundacións do Cardeal e dos Condes de Lemos* (Lugo: Diputación Provincial, 1991). Parcialmente en Alfredo Vigo Trasancos et al., *Fontes escritas para a historia da arquitectura e do urbanismo en Galicia (Séculos XI-XX)* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000), 1: 337-356

<sup>18</sup> Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 1:299; Bonet, *La arquitectura en Galicia...*, 180.

<sup>19</sup> Para unha descripción extensa desta etapa construtiva, ver Fernando Pérez Rodríguez, «Algunas consideraciones sobre la construcción del Colegio de Nuestra Señora de la Antigua de Monforte de Lemos (Lugo), 1592-1619». En *Monjes y monasterios españoles: [...] actas del simposium (1/5-IX-1995)*, ed. Instituto Escurialense de Investigaciones Históricas y Artísticas e Real Colegio Universitario «María Cristina» (San Lorenzo de El Escorial: Ediciones Escurialenses, 1995), 495-521.

### Etapa de decadencia: 1620-1909

Aínda despois de 1620 abordáronse dúas obras importantes. A primeira foi a construción do retablo do altar maior, iniciado en 1625 por Francisco Moure e rematado polo seu fillo do mesmo nome. A segunda foi a construción en 1699 da antiga sacristía, hoxe convertida en museo.

O resto desta etapa, ata chegar ó século XX, vai ser de abandono e decadencia. En 1755 o terremoto de Lisboa afectou ó edificio causando importantes danos: moveu a cúpula, desprendeou unha ala a dous anxos das pendentes e abriu fendas no arco superior e no muro traseiro do presbiterio.<sup>20</sup> No 1786 reparouse o tambor da cúpula, que ameazaba ruína, e en 1841 fixose o mesmo coa lanterna.<sup>21</sup>

Os xesuítas foron expulsados de España en 1767. Dende esa data ata a chegada dos Escolapios en 1873, o Colexio foi centro educativo de distinta categoría, desvinculado das ordes relixiosas. Sufriu o saqueo das tropas francesas en 1809, e un importante incendio en 1824. A principios do século XX o deterioro do edificio era notable, case de ruína.




Figura 11. Situación do Colexio respecto ó núcleo de Monforte de Lemos no *Diccionario Madoz* (1845).<sup>22</sup> Obsérvese que a planta estaba sen acabar.

Finalmente, o edificio puido rematarse no primeiro cuarto do século XX grazas ó descubrimento da autoría —e polo tanto do valor— dun dos cadros da colección do Colexio: *A Adoración dos Reis*, do pintor flamenco Hugo van der Goes. O cadre vendeuse ó goberno alemán por unha importante suma que permitiu rematar as obras. Tivo que saír escondido debido á forte polémica

<sup>20</sup> Begoña Ces Fernández, «Los efectos del seísmo de Lisboa de 1755 sobre el patrimonio monumental de Galicia», (Tese de doutoramento: Universidade da Coruña, 2015).

<sup>21</sup> Martínez González, *Colegio Ntra. Sra. de la Antigua..., 27.*

<sup>22</sup> Pascual Madoz, *Diccionario Madoz Galicia*. 6 vols. (Santiago de Compostela: Breogán [1845] 1986). Ed. Facs. da parte de Galicia do *Diccionario geográfico estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. 16 vols. (Madrid: Pascual Madoz, 1845).

levantada pola súa venda.<sup>23</sup> Este feito influíu na lexislación posterior de protección de obras de arte.

#### Proxecto de Conservación e Mellora de Pérez de los Cobos: 1915-1930

O arquitecto da Casa de Alba,<sup>24</sup> don Francisco Pérez de los Cobos redactou en 1915 unha Memoria—Proxecto onde describe o estado do edificio e avalía as obras necesarias. Di textualmente:

...El edificio, tal como está hoy, está completamente inhabitable y sorprende verdaderamente que haya ni siquiera un alumno que venga a buscar enseñanza en un colegio en estas condiciones. Hay bóvedas vencidas, muros desnivelados, toda la techumbre amenaza con desplomarse; dos patios, uno en ruinas y el otro sin terminar, no dejan lugar a dudas de que en un plazo, pero muy breve, el edificio desaparecerá y, con él, la enseñanza...<sup>25</sup>

Entre 1919 e 1930 executaranse con este proxecto as obras coas que se rematarán o claustro principal e a fachada NO incompleta. Tamén se aumentará un piso sobre a antiga sacristía (hoxe museo) e se completará a galería da planta superior no extremo esquierdo da fachada. Estaba proxectado un corpo que comunicada os dous claustros por detrás da igrexa, pero non se executou.



Figura 12. Fotografía do Colexio ó pouco de rematárense as obras de Pérez de los Cobos onde se aprecia a pedra nova na metade dereita da fachada NE (arquivo Loty, ca. 1930)<sup>26</sup>

---

<sup>23</sup> Ver a lista das referencias periodísticas da Bibliografía, p. 70 e no Anexo 3 (Tomo II).

<sup>24</sup> Os condes de Lemos exerceron como patróns do Colexio ata a extinción da súa linaxe en 1777, no que o título pasou á Casa de Berwick e Alba.

<sup>25</sup> Francisco Pérez de los Cobos, "Proyecto de conservación, reforma y ampliación del Colegio de Ntra. Sra. de la Antigua de Monforte de Lemos." (s. l., 1915). Arquivo do Colexio.

<sup>26</sup> Fotografía de António Passaporte para a colección de postais coñecida como «Arquivo Loty» (1027-1936), iniciativa da editora Concepción López e do representante de papeis fotográficos Charles Alberty Jeanneret. Xunta de Galicia (ed), *Loty: As fotografías de Charles López Alberty Jeanneret no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, s.l., 2001.




Figura 13. Principais etapas de construcción do edificio

#### De 1930 ata a actualidade

En 1942, o arquitecto da Casa de Alba Antonio Ferreras redactou un proxecto de melloras que incluía o remate das galerías altas que faltaban en dúas das pandas do claustro das escolas. As obras remataríanse en 1952.

Entre 1952 e 1985 execútanse diversas obras de acondicionamento para espazos docentes e deportivos.

En decembro de 1984 caeu un raio sobre a cúpula, danando as ventás do tambor e da lanterna.<sup>27</sup> En 1985 realízanse obras na fachada e na cúpula segundo un proxecto do arquitecto Carlos Meijide.

En 1987 asínase un convenio co Concello de Monforte polo que se ceden 15 000 m<sup>2</sup> da horta a cambio do arranxo das cubertas.

Entre 1988 a 1989 restauráronse as cubertas, cambiándose a estrutura de madeira por outra metálica con forxados de formigón como base da cobertura de tella.

<sup>27</sup> Da memoria do proxecto de Carlos Meijide en 1984.

Debido ós movementos da escala principal e da cúpula, a Consellería de Cultura e Xuventude sacou a concurso o estudo e diagnóstico previo á intervención de restauración. En 1993 a empresa Euroconsult-CEBTP, S.A. redactou un extenso *Informe sobre os estudios preliminares á restauración do Colexio do Cardenal de Monforte de Lemos (Lugo)*, coa descripción dos danos e os resultados dos estudos realizados. O informe incorpora unha análise da estabilidade estrutural da cúpula, da bóveda da nave, o arco do coro e a escala principal. Nas súas conclusións, atribúe a maior parte dos danos ó terremoto de Lisboa. Nas recomendacións propón reforzos metálicos na cúpula, no coro e sobre as bóvedas que non se chegaron a executar.<sup>28</sup>

En 1998 restárase a escala principal, segundo o proxecto dos enxeñeiros italianos Giorgio Croci e Giuseppe Carluccio.<sup>29</sup>

En 1999 cedeuse outra parte da horta ó Concello a cambio das obras de adecuación dos espazos docentes.

No ano 2000 acondicionouse o espazo da escala, unha vez restaurada.<sup>30</sup>

En 2012 analizouse a estabilidade estrutural das principais bóvedas do edificio e constatouse a súa seguridade.<sup>31</sup>

## b. Descripción formal

O *edificio* está construído nun terreo despeñado que descende cunha lixeira pendente cara o río Cabe. Por diante da súa fachada principal esténdese a explanada do Campo da Compañía; o resto das fachadas estiveron orixinariamente rodeadas por hortas,<sup>32</sup> hoxe substituídas en gran parte por campos deportivos e por un amplio espazo público. Por esta razón, o edificio é visible desde perspectivas distantes praticamente todo ó seu redor.

Ao aproximarse desde o centro da cidade, percíbense as fachadas principal e nordeste. Á primeira vista parece que o edificio ten planta rectangular e que as súas dimensións son as que amosan estas fachadas: 106 metros a fachada principal e 76 a lateral. Cando se observa a planta, apréciase que a suposta regularidade rómpese na parte posterior, e que a lonxitude da fachada lateral só afecta a esa ala do edificio.

---

<sup>28</sup> Euroconsult-CEBTP, José María Orgaz García et al., «Informe sobre los estudios preliminares a la restauración del Colegio del Cardenal de Monforte de Lemos (Lugo)» (San Sebastián de los Reyes: Consellería de Cultura e Xuventude - Xunta de Galicia, 1993).

<sup>29</sup> Tecnocontrolli, Giuseppe Carluccio et al., «Estudio estructural y refuerzo de la escalera principal [del Colegio del Cardenal de Monforte de Lemos]. Rev. 1», (Roma: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental - Consellería de Cultura - Xunta de Galicia, 1997).

<sup>30</sup> Segundo o proxecto dos arquitectos Carlos Meijide e Jorge Meijide.

<sup>31</sup> Rosa Ana Guerra Pestonit, «Bóvedas y contrarresto del colegio de Nuestra Señora de la Antigua de Monforte de Lemos. Geometría, construcción y mecánica» (Tese de doutoramento: Universidad Politécnica de Madrid, 2012).

<sup>32</sup> Ver imaxe descriptiva da parcela orixinal en Figura 62 (Pita, *Monforte de Lemos*, 49).



Figura 14. Perspectiva do Colexio na aproximación desde o centro da cidade

A *organización da planta* parte dun esquema simétrico. A igrexa sitúase no eixe e divide ó edificio en dúas zonas, cada unha delas organizada arredor dun claustro. A da dereita proxectouse como *casa* para a comunidade de xesuítas que rexeron o Colexio na súa orixe. A da esquerda, para a parte docente: as *escolas*. Probablemente as dúas partes proxectáronse simétricas, pero o proxecto cambiouse e hoxe non o son. Coa ampliación a ambos lados da fachada principal, —unha modificación do proxecto que se introduce cando a obra estaba iniciada—, provocáronse más cambios. A fachada lateral dereita (nordeste) desprazouse en toda a lonxitude á nova alíñación e, como consecuencia, agrandouse o claustro desta parte. Pola contra, no outro lateral, mantívose a alíñación inicial e a ampliación só afectou ó tramo frontal. Estas modificacións do proxecto inicial aprécianse con claridade nas bóvedas e fábricas dos sotos.

A *fachada principal* está construída integralmente en cantería de granito. É simétrica e no seu centro identifícase con claridade a portada da igrexa, coa silueta viñolesca habitual nas igrexas xesuíticas da época. Ten tres alturas. Nos extremos diferéncianse dúas pequenas torres cunha altura adicional. O corpo superior está formado por arcos a modo de galería, na que algúns autores ven unha influencia do palacio de Monterrey de Salamanca.<sup>33</sup>

O resto das fachadas están construídas con cachotería, mantendo de cantería os esquinais, faixas, cornixas e ocos.

<sup>33</sup> Bonet, *La arquitectura en Galicia...*, 186; Alfonso Rodríguez G. de Ceballos, «El cardenal don Rodrigo de Castro, humanista y mecenas de las artes», en *El reino de Galicia en la monarquía de Felipe II*, editado por Antonio Eirás Roel (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia: 1998), 627.




Figura 15. Planta e alzado principal do Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos. Levantamento do arquitecto Carlos Meijide (1984).<sup>34</sup> Escala 1:700. Escala do orixinal 1:200.

<sup>34</sup> Carlos E. Meijide Calvo, «Proyecto Básico y de Ejecución de Restauración del Colegio del Cardenal de Monforte de Lemos», (A Coruña: Xunta de Galicia - Consellería de Educación e Cultura - Dirección Xeral do Patrimonio, 1984).



Figura 16. Fachada do Colexio desde o Campo da Compañía



Figura 17. Igrexa do Colexio

A igrexa é de planta de cruz latina, co brazo do cruceiro curto, contido no ancho do corpo principal. Ten nave central e dúas laterais formadas por capelas comunicadas entre si. O presbiterio é de planta rectangular. Está presidido polo retablo de Francisco de Moure e flanqueado por dous arcosolios. No do evanxeo sitúase a estatua orante do fundador, un bronce de Juan de Bolonia (nome co que se coñece en España a Jean de Boulogne, *Giambologna*). Dúas torres-campanario simétricas dispóñense a ambos lados do presbiterio. A nave e o presbiterio — de 18 metros de altura —, cóbrense con bóvedas de canón con casetóns de cantería e lunetos capialzados. Sobre o cruceiro elévase unha cúpula trasdosada semiesférica de 10 metros de diámetro, con pendentes, tambor, lanterna e pequena cúpula, a única cúpula trasdosada con todos os seus elementos de Galicia.<sup>35</sup> Aos pés da nave dispone o coro sobre unha bóveda de canón moi rebaixada. A igrexa está decorada con pilastras corintias sobre as que se asenta un entablamento que recorre todo o seu perímetro. Todo o interior é de cantería agás as paredes e bóvedas das capelas laterais, recebadas e pintadas.

O *claustro da dereita*, ou da *casa*, é o máis grande e suntuoso. Está construído integralmente en cantería, e cóbrese no nivel inferior con bóvedas de aresta. A pesar da súa unidade, dúas pandas destas bóvedas construíronse antes de 1620 e as outras dúas, no primeiro terzo do século XX. Por quedar incompleto, conserváronse as dúas monteas necesarias para o remate da obra: a complexa montea gravada no espazo baixo a escala principal e a debuxada no muro sueste.



Figura 18. Claustro principal

---

<sup>35</sup> Bonet, *La arquitectura en Galicia...*, 175.

O *claustro da esquerda*, ou *das escolas*, é máis sinxelo. Ten dous niveis formados por arcos de medio punto. No nivel inferior é visible a estrutura horizontal de madeira.



Figura 19. Claustro das *escolas* (parte esquerda)

O *museo* ocupa o espazo da antiga sacristía. Comezouse a construír 1699, nunha campaña posterior á que ergueu os espazos principais do Colexio. Descoñécese o autor. É dubidoso que fose proxectado inicialmente na posición na que finalmente se construíu. É un espazo cuberto por dous tramos de bóvedas de canón con lunetos, de cantería. Acusa unha importante deformación e foi reforzado con dous contrafortes exteriores. O espazo anterior, a *antesacristía*, tamén estivo cuberto cunha bóveda da que se conservan os arranques e que foi demolida durante as obras de principios do século XX por ameazar ruína.

A *escala monumental* está situada no extremo derecho da fachada principal. Responde ó tipo de escala claustral renacentista de caixa aberta e tres tramos, dous deles sobre bóvedas de cantería, sen sopores intermedios, cun complexo mecanismo estrutural de equilibrio que se puxo de manifesto ó desmontarse durante a súa restauración.<sup>36</sup> Tivo que estar proxectada noutro lugar xa que ocupaba o espazo que se ampliou cando a obra estaba iniciada. A súa autoría atribúese ós mestres de cantería Pedro de Morlote e Juan de la Sierra.<sup>37</sup>

<sup>36</sup> Giorgio Croci et al., «Repair of the Grand Staircases in the Monastery of San Martiño Pinario in Santiago De Compostela and in the Colegio Del Cardenal in Monforte De Lemos». En *Structural Studies, Repairs and Maintenance of Heritage Architecture* editado por C. A. Brebbia. (Southampton: WIT Press, 1997) 501-10.

Rosa Ana Guerra Pestonit e Paula Fuentes, «The grand staircase of the Colegio del Cardenal in Monforte de Lemos (Spain): revisiting a daring structure». En *Studies in History of Construction: The Proceedings of the Second Conference of the Construction History Society*, ed. James W. P. Campbell et al. (Cambridge, UK: Construction History Society, 2015), 67-77.

<sup>37</sup> María Luisa Lorenzana Lamelo, *Aportación documental al estudio histórico-artístico de dos fundaciones monfortinas: El colegio de la Compañía y el convento de las Clarisas* (Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1989), 61.



Figura 20. Esquerda, antiga sacristía, hoxe convertida en museo. Dereita, escaleira monumental.

Baixo a escaleira monumental, consérvase a *montea principal* do claustro gravada no pavimento. Trátase dun debuxo de gran complexidade técnica no que se detallan a tamaño natural os patróns para o corte das pedras das bóvedas do claustro. O debuxo foi levantado e desentrañado polo arquitecto Manuel J. Freire Tellado.<sup>38</sup> En 2011 identificouse e levantouse unha *segunda montea* debuxada con almagre na parede sueste do claustro. Esta segunda montea desenvolve as bóvedas dos recantos do claustro e complementa á situada baixo a escaleira.<sup>39</sup> Posteriormente identificáronse máis debuxos construtivos en diversas partes das paredes do claustro que están pendentes de investigar.

Evaristo Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas: sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII* (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1989), 572.

Pérez Rodríguez, «Algunas consideraciones ...».

<sup>38</sup> Manuel J. Freire Tellado, «Los trazados de montea bajo la escalera de los Escolapios de Monforte de Lemos: La construcción renacentista», *Lucus. Boletín Informativo de la Excelentísima Diputación Provincial de Lugo* 42 (1994): 59-65. Do mesmo autor «Los trazados de montea de factura renacentista del edificio de los escolapios de Monforte de Lemos (Lugo)», en *Actas del Segundo Congreso Nacional de Historia de la Construcción. A Coruña 22 - 24 de octubre de 1998*, ed. Fernando Bores Gumundi et al. (A Coruña: Instituto Juan de Herrera, CEHOPU, Universidade da Coruña, 1998), 173-80.

<sup>39</sup> Rosa Ana Guerra Pestonit, «Nueva montea de una bóveda en el Colegio del Cardenal de Monforte de Lemos», en *Actas del Octavo Congreso Nacional de Historia de la Construcción. Madrid, 9 - 12 octubre 2013*, eds. Santiago Huerta e Fabián López Ulloa (Madrid: Instituto Juan de Herrera, 2013), 447-53; Guerra, «Bóvedas y contrarresto...», 326-328.



Figura 21. *Esquerda*: Detalle da montea gravada no pavimento baixo a escala principal: *dereita*: montea debuxada con almagre no muro do claustro.

### c. Estado de conservación

O estado de conservación difire de unas zonas a outras. As zonas mellor conservadas son a igrexa, a antiga sacristía (actual museo), a parte destinada a residencia da comunidade, situada na planta primeira da ala dereita, e a zona docente desta mesma ala.

A igrexa conserva as gretas provocadas polo terremoto de Lisboa en 1755. Son especialmente rechamantes as da bóveda do presbiterio, da cornixa da cúpula e as da media laranxa. A pesar da súa visibilidade, non comprometen a estabilidade estrutural, agás a inestabilidade local dunha doela descolgada do fondo da bóveda do presbiterio que ameaza con desprenderse.<sup>40</sup> As reparacións que se realizaron son en moitos casos inadecuadas.

A bóveda da sacristía está moi deformada pola rotación dos muros exteriores. O descenso da liña central é moi acusado. Os movementos están estabilizados con dous contrafortes exteriores, e as gretas aparecen reparadas.



Figura 22. *Esquerda*, movementos na bóveda do presbiterio. Sobre o retablo unha doela descolgada. *Dereita*, gretas na cornixa da cúpula.

<sup>40</sup> *Ibid*, 449.

Nos anos noventa fixérонse obras de adecuación na parte da ala dereita destinada a uso docente. Substituíuse a estrutura desta parte por una de formigón armado, redistribuíuse o espazo, renováronse os revestimentos, carpinterías e instalacións.

Na segunda planta da parte dereita, en toda a fronte da fachada principal, hai unha zona que foi residencia comunitade e que conserva a antiga distribución e acabados. Esta parte sufriu poucas modificaciós e leva anos en desuso ao diminuír el número de relixiosos que residen no edificio.

Na ala esquerda, o estado e bo, pero o acondicionamento dos espazos docentes é anterior á do outro claustro (posiblemente durante as obras proxectadas por Antonio Ferreras executadas entre os anos 1946 e 1952). É visible a estrutura horizontal de madeira no semisoto da parte esquerda (piso do salón de actos) e nos teitos do claustro da esquerda (piso do corredor de zona docente). Na parte descuberta do claustro hai instalada una malla para impedir a entrada de aves.



Figura 23. *Esquerda*, zona de residencia da comunitade en uso; *dereita*, biblioteca da zona docente da ala dereita



Figura 24. Ala da antiga zona residencial, hoxe sen uso.



Figura 25. Corredor da zona docente do claustro da esquerda.

O pasadizo que comunica as dúas alas a nivel da planta baixa reformouse por última vez no ano 1835 facéndo máis estreito.<sup>41</sup> A estrutura vertical é de muros de fábrica de cachotería e a horizontal de madeira. O estado de conservación é malo, e as seccións das pezas estruturais parecen escasas, a simple vista, para garantir a seguridade do uso.



Figura 26. Forxados de madeira. *Esquerda*, claustro da esquerda; *dereita arriba*, zona utilizada polo Club Deportivo Calasancio nos sotos da ala esquerda; *dereita abajo*, piso do pasadizo por detrás da igrexa.

Destaca o abandono no que se encontran os sotos abovedados, espazos de gran calidade espacial e infrautilizados na actualidade, cun uso residual.




Figura 27. Espazo abovedado nos sotos

<sup>41</sup> Martínez González, *Colegio Ntra. Sra. de la Antigua...*, 48.

En parte de esta planta substituíronse os antigos forxados de madeira por forxados mixtos de viguetas metálicas e bovedillas de ladrillo. Debido ao estado dos espazos e á humidade, algunas pezas metálicas presentan signos de corrosión.



Figura 28. Forxados mixtos metálicos e de bovedillas de ladrillo en partes dos teitos dos sotos

Un dos puntos más críticos na actualidade é a situación da cuberta. Na renovación dos tellados que se fixo en 1988 empregouse unha tella non adecuada e as roturas do material afectan a toda a cuberta. As filtracións son xeneralizadas en todo o edificio e comprometen o uso de gran parte dos espazos da última planta.



Figura 29. Roturas xeneralizadas das tellas da cuberta

As fachadas, en xeral, consérvanse en bo estado. As carpinterías exteriores son de madeira. Os deseños das particións que se utilizaron nas sucesivas actuacións de conservación non gardan uniformidade. As más antigas, na última planta, dobráronse con carpinterías de aluminio con forma rectangular superpostas polo interior aos ocos rematados en arco.

O estado de conservación dos bens móbiles e inmóveis incluídos no edificio é moi diverso. Describese con detalle nas fichas individualizadas contidas no Anexo 2 (Tomo II).

## d. Valoración cultural

O Colexio constitúe un ben salientable do patrimonio arquitectónico. É un exemplo destacado do clasicismo herreriano en Galicia —posiblemente o seu expoñente máis representativo. A súa presenza na cidade é relevante, tanto polo seu volume e configuración como pola súa situación, ó encontrarse rodeado de espazo libre e ser visible desde distancias longas praticamente todo ó seu redor.

Alberga os usos relixioso, residencial e docente para os que foi concibido na súa orixe. A súa función docente é unha referencia salientable e continuada en Monforte desde a súa creación.

Na súa valoración arquitectónica cabe resaltar que, a pesar do seu dilatado proceso construtivo, a obra transmite unha grande unidade de estilo. Varios autores sinalan a influencia do mosteiro de El Escorial,<sup>42</sup> que o seu fundador, vinculado á corte de Felipe II, debeu de ter como referencia.<sup>43</sup> Outros autores resaltan o paso adiante cara o barroco que se dá no Colexio.<sup>44</sup>

A influencia do Escorial non é só formal; tamén se aprecia no programa co que se concibe. Proxectase para albergar un colexio, pero tamén para ser panteón do seu fundador, e centro de arte no que dispoñer as súas valiosas coleccións. Como ocorre no Escorial, púxose a coidado dunha congregación relixiosa se ben, neste caso, a elixida foi a Compañía de Xesús.

---

<sup>42</sup> «[...] que después de acabado será la cosa más insigne que haya en todo aquel reino y es otro segundo Escurial». «Discurso de la vida de don Rodrigo de Castro». Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 1:323.

«Falta el testimonio documental del arquitecto. Se ha pensado en Juan de Herrera.» Ramón Otero Predrayo, *Guía de Galicia*, (Vigo: Galaxia [1926] 1991), 218.

«[el Cardenal] imaginó una grandiosa imitación de El Escorial, exterior e interiormente, como quien veía construir el célebre monasterio y el empeño de Felipe II en hacerlo magnífico. Quiso el CARDENAL seguirle en su esfera, y bien puede decirse, como un crítico extranjero [n. Bertaux: *Revue de l'Art ancien e moderne*.], que con el granito del país hizo un escorial gallego. Tal pensaron los coetáneos y de "segundo Escurial" lo apellidaron». Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 1: 295.

«Creencia común y ya antigua atribuye la traza y los planos al famoso Juan de Herrera. Nada de infundado tiene esta opinión si se atiende a la opulencia que es CARDENAL quiso dar a la obra, pensada y empezada en vida del insigne arquitecto, y a la grandiosidad de la concepción y al solemne equilibrio de sus proporciones, [...].» Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo*, 1: 297.

«La tendencia tan frecuente en España (y especialmente en Galicia) de ver "Escoriales" en ingentes construcciones religiosas, justifica la obligada comparación. No puede negarse, por otra parte, que debió pesar mucho en los designios del Cardenal el ejemplo de Felipe II.» José Manuel Pita Andrade, *Monforte de Lemos* (Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1952), 48.

«Magnífico y espléndido edificio renacimiento, de tipo "herreriano", del siglo XVI, [...]» Ángel del Castillo, *Inventario de la Riqueza Artística y Monumental de Galicia* (Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1972), 340.

«[...] no se puede negar que la grandiosidad y serenidad del edificio monfortino está imbuido de las ideas estéticas de Juan de Herrera, si por ellas entendemos el viñolismo manierista [...]» Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas...*, 586)

«[...] ningún conjunto refleja mejor la huella de El Escorial que el Colegio de la Compañía [...].» José Hernández Díaz, Juan José Martín González e José Manuel Pita Andrade. *La escultura y la arquitectura españolas del siglo XVII*. Summa Artis. 5<sup>a</sup> ed. Vol. 26, (Madrid: Espasa Calpe, 1991), 556.

«Por su arquitectura el edificio de su colegio [del Cardenal], monumento fundamental del clasicismo en España, fue desde el principio considerado como "El Escorial de Galicia"» Antonio Bonet Correa, «El Colegio del Cardenal y el clasicismo», en *Xornadas sobre o cardenal Rodrigo de Castro* (Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social y Turismo, 2001) 115.

<sup>43</sup> El Escorial rematárase en 1584, apenas 9 anos antes do comezo das obras de Monforte.

<sup>44</sup> «[...] ha de reconocerse que el edificio revela un paso mucho más decidido hacia el barroco que le iniciado por Herrera en El Escorial. Las semejanzas que puedan hallarse entre ambas obras mostrarán quizás las raíces escuriales de nuestro primer barroco; [...]. Más las diferencias [...] valdrían para vigorizar la personalidad del primer barroco gallego [...]» Pita, *Monforte de Lemos*, 49.

«Al lado de estos síntomas herreriano-escuriales, hay otros distintos y peculiares que [...] preanuncian ya el barroco» Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas...*, 587.

En Galicia, o clasicismo herreriano prendeu sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense, pero en ningún lugar como en Monforte impregna todo o edificio sen concesións a outras linguaxes tardogóticas coetáneas.

Bonet, ó referirse a outro edificio clasicista, á igrexa do mosteiro de Montederramo, di: «La iglesia, trazada por el jesuita Juan de Tolosa, es una construcción típica de la arquitectura de los discípulos de Herrera. Con el Colegio de Monforte es la segunda obra completa del estilo en Galicia».<sup>45</sup> Se temos en conta que Montederramo parte dun mosteiro cisterciense previo, que as naves da igrexa se cobren con bóvedas de cruzaría e que un dos seus dous claustros é tardogótico, resulta evidente que o Colexio de Monforte destaca como un edificio único en Galicia.



Figura 30. *Esquerda*, bóvedas de cruzaría na igrexa do mosteiro de Montederramo; *dereita*, bóvedas de canón con lunetas na nave da igrexa do Colexio

Se ben o carácter unitario do conxunto é un dos seus valores más salientable, alberga elementos de valor que merecen considerarse independentemente.

<sup>45</sup> Bonet, *La arquitectura en Galicia...*, 189.

### A IGREXA

Responde ó tipo de igrexa xesuítica. Destaca polas súas dimensións, unidade de estilo e riqueza construtiva. Está presidida polo retablo de Francisco de Moure e alberga unha importante colección de bens mobles e inmobles, como a estatua de bronce do Cardeal, de Juan de Bolonia, ou o a escultura do *Santo Cristo* de Valerio Cioli.

Aínda que os autores das trazas foron outros —Andrés Ruiz e Vermondo Resta— atribúese a Juan de Tolosa a autoría dos cambios importantes que se introduciron na igrexa.

Tolosa é trazador do Hospital de Simón Ruiz en Medina del Campo,<sup>46</sup> e o autor da nave do mosteiro de Montederramo.

Tras Tolosa, terminará a obra Simón de Monasterio quen constrúe a cúpula, a bóveda do presbiterio e remata a igrexa. Outras obras súas son a xirola da catedral de Ourense e a cabeceira da igrexa de Montederramo. Deu as trazas para a igrexa de Monfero. Bonet considérao «la figura principal del asentamiento de las ideas herrerianas en Galicia».<sup>47</sup> Tras o seu paso polo Colexio comezou a traballar na Clerecía de Salamanca.<sup>48</sup>

Traballaron tamén na igrexa Juan de Cajigas e Diego Vélez.

### A CÚPULA

É a única cúpula trasdosada de Galicia completa, con todas as súas partes: pendentes, tambor, media laranxa, lanterna, pequena cúpula e pináculo. O seu construtor foi Simón de Monasterio, quen coñecía a obra de El Escorial.<sup>49</sup>

A cúpula que se describe no documento de *Condiciones* carece de tambor;<sup>50</sup> Simón de Monasterio modificará o proxecto e, como no Escorial, construirá un sinxelo tambor sobre o que elevará a media laranxa. A influencia da cúpula de Herrera é máis directa na forma da súa sección, que se adelgaza a medida que ascende, seguindo un patrón serliano.

---

<sup>46</sup> Agustín Bustamante García, *La arquitectura clasicista del foco vallisoletano (1561-1640)* (Valladolid: Institución Cultural Simancas, 1983), 327.

<sup>47</sup> Bonet, *La arquitectura en Galicia...*, 182.

<sup>48</sup> Rivera Vázquez, «Galicia y los jesuitas...», 577.

<sup>49</sup> Sábese que posuía «La Planta del ecorial y alcados otras estampas de los tempos de Roma [...] guarneidas en quercho [...]. Lorenzana, *Aportación documental...*, 66

<sup>50</sup> «Item es condición que el dicho maestro encima de la cornisa redonda que está hecha en el crucero que es en altura de setenta y cuatro pies hará una faja que tenga de alto dos pies e medio la cual estará igual de los caballetes del tejado de la iglesia y sobre esta altura elejirá y asentará por la parte de afuera una cornisa que tenga de alto dos pies y de vuelo otros dos, la cual con toda la parte del cuerpo del cimborrio que tiene debajo sube a plomo, será de forma ochava [...] y toda esta grocesa en esta hilada se ha de hacer de piezas perpianas que hagan cañ por la parte de afuera y por la parte de dentro y por que sobre esta hilada asienta el lecho desta media naranja [...]» [cursiva engadida]. «Condiciones», en Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 2:277.



Figura 31. Cúpula do Colexio

#### *A ESCALEIRA MONUMENTAL*

Está construída integralmente de cantería. Os seu chanzos son pezas enteiras de 2,8 metros de ancho. O seu valor principal radica no seu elaborado mecanismo de equilibrio. Dúas das súas tres rampas descansan en bóvedas de canón acabalgadas, nas que chama a atención a ausencia de apoios intermedios. Durante as obras de reforzo realizadas en 1997, desvelouse o sistema construtivo que permite este alarde estrutural.<sup>51</sup>

#### *O CLAUSTRO PRINCIPAL*

Ten dúas alturas e está construído totalmente de cantería, en estilo dórico. Foi ampliado respecto ó proxectado inicialmente debido o desprazamento da fachada lateral á nova aliñación da fachada que o Cardeal mandou ampliar. O encaixe das novas dimensíons co resto do edificio resolveuse con algúns conflitos de modulación, como se pode apreciar na porta de conexión coa igrexa.

Está formado por 24 bóvedas de aresta. A súa construcción atribúese a Simón de Monasterio.<sup>52</sup> Unha singularidade de este elemento é que en 1620, cando se paralizan as obras, só estaban construídas as bóvedas das pandas da igrexa e á fachada principal. As dúas pandas restantes rematáronse no século XX, co proxecto de Francisco Pérez de los Cobos e, a pesar da distancia entre as dúas campañas construtivas, todo o claustro se percibe cunha gran uniformidade.

<sup>51</sup> Ver notas 29 y 36 (pp. 19 e 24).

<sup>52</sup> Bonet, *La arquitectura en Galicia...*, 187; Pita, *Monforte de Lemos*, 52.



Figura 32. Escaleira monumental con dúas bóvedas acabalgadas sen apoios intermedios



Figura 33. Claustro principal desde a cúpula. A panda que se ve á dereita construíuse a principios do século XVII e a da esquerda nos anos 20 do século pasado.

#### *MONTEAS*

As monteas son elementos escasos, o que lles outorga valor. Ao tratarse de debuxos de obra, era habitual pulir os pavimentos e que desapareceran ó rematar a construcción. En Monforte as monteas conserváronse porque o claustro quedou inacabado e eran necesarias para os construtores que continuarán a obra.

A situada baixo a escaleira amosa un trazado dunha grande complexidade técnica que só se aprecia cando se reproduce nun debuxo. Os módulos das bóvedas son lixeiramente rectangulares e, como se mantiveron os arcos de medio punto nas dúas direccións, xeráronse unhas bóvedas de aresta singulares, co rampante transversal inclinado. Esta solución non se encontra en ningún tratado de cantería.<sup>53</sup>

A segunda montea debuxada no muro do claustro representa o despece dun módulo da bóveda de recanto. Encontráronse monteas realizadas sobre muros co mesmo tipo de pigmento nos sótanos do mosteiro de El Escorial.<sup>54</sup> O tipo de desenrollo garda certa similitude coa representación da «bóveda de arista perlóngada» do tratado de Hernán Ruiz II.<sup>55</sup>



Figura 34. Esquerda: Montaxe do debuxo de Freire Tellado sobre a planta da escaleira. Dereita: Levantamento da montea da parece do claustro superposto sobre a fotografía.<sup>56</sup>

<sup>53</sup> O manuscrito de Juan de Portor y Castro describe una «Capilla cuadrada que empieza en arista y acaba en rincón» cos rampantes inclinados que recorda á dos claustros. «Cuaderno de arquitectura» (Ms. 9114, Madrid: Biblioteca Nacional, 1708).

<sup>54</sup> Ana López Mozo, «Tres monteas escurialenses». *EGA Revista de Expresión Gráfica Arquitectónica* 13 (2008): 190-97.

<sup>55</sup> Pedro Navascués Palacio, ed., *El libro de arquitectura de Hernán Ruiz, El Joven*. Madrid: Escuela Técnica Superior de Arquitectura, 1974.

<sup>56</sup> Guerra, «Bóvedas y contrarresto...», 324 e 327.

### Bens móbiles e inmóbiles contidos no edificio

#### *BENS DA IGREXA*

O interese de certos elementos da igrexa teñen un destacado carácter antropolóxico, histórico, e, artístico:

- No presbiterio, o retablo maior e os arcosolios do evanxeo e da epístola. Acusan a influencia da Basílica do Escorial, tanto na arquitectura como nos elementos artísticos. Transmite as novas ideas de renovación da Igrexa da Contrarreforma con creacións iconográficas novas.
- No retablo da *Adoración dos Reis*, tamén chamado *de Monforte*, encóntrase a copia da táboa da *Adoración dos Reis*, obra mestra de Hugo Van der Goes, vendida en 1910. A súa saída en 1914, tivo importantes repercusións políticas e culturais. A polémica a nivel nacional e o rexeitamento dos habitantes de Monforte quedou rexistrada na prensa escrita do momento. Aínda agora, na prensa actual, séguese lembrando e estrañando dita obra.<sup>57</sup>
- Na capela das Reliquias, o retablo de devandito nome é unha obra de destacable interese antropolóxico, histórico e artístico. Peza fundamental no ideario de don Rodrigo ao que dotaba de 72 relicarios coas súas reliquias relatadas no seu testamento, do que queda mostra en dous relicarios coas súas reliquias, o *Lignum Crucis* e a *Santa Espiña*, e varios relicarios baleiros, debido aos saqueos e ás sacudidas históricas, sobre todo durante a Guerra da Independencia. Durante esta guerra desapareceron moitos obxectos artísticos e litúrxicos. Estas dúas reliquias que quedan son pezas de inapreciable valor, sendo obxecto de gran veneración en Monforte e aldeas da súa contorna. A Confraría das Sacras Reliquias, cuxo orixe se remonta ó tempo dos xesuítas, mantense ata a actualidade, perdurando no tempo.

#### *O MUSEO*

O museo do Colexio está situado na antiga sancristía de finais do século XVII. É museo desde 1943. No ano 1985 efectuouse unha reorganización do seu espazo expositivo. Ten un destacado carácter por albergar obras únicas na comunidade galega: pictóricas, como son os dous lenzos de El Greco, cinco táboas de Andrea do Sarto, e obras bibliográficas dos séculos XV e XVI de carácter devocional, de esparexemento e tratados. Exibe ditas obras con carácter permanente, aberto ao público, e sen ánimo de lucro. Exerce as funcións de conservación deste patrimonio, de investigación e realiza exposicións divulgativas periódicas de carácter temporal.

#### *O ARQUIVO HISTÓRICO*

Situado nun espazo modesto, alberga a colección de documentos históricos do edificio, entre os que destacan o documento fundacional do Colexio, o das condicións que se redactaron para a poxa da obra, o testamento do Cardeal e numerosos contratos e documentos legais imprescindibles para a calquera investigación relacionada co Colexio. Parte destes documentos aínda non foron estudiados.

Achéganse as fichas individualizados de cada un destes bens no Anexo 2 (Tomo II).

---

<sup>57</sup> Ver referencias periodísticas no apartado de bibliografía (p.76).

### e. Elementos discordantes

No conxunto formado polo edificio do Colexio e a súa parcela hai elementos cuxa presenza desfigura a percepción do edificio. Relaciónanse a continuación os más importantes

No exterior:

- O polideportivo do Colexio. Edificio de polo seu volume, proximidade e materiais interfire de forma negativa nas vistas do edificio dende o seu entorno.
- O aparcamento municipal. O aparcamento situado nos terreos da antiga parcela do Colexio e hoxe municipais. Superficie de gran extensión pavimentada con asfalto, sen un tratamento do borde co Colexio e sen ningún elemento vexetal que minore a súa presenza.
- Depósitos combustible do propio Colexio e das Casiñas da Compañía.

No interior:

- Instalacións interiores, canalizacións y equipos. Especialmente na igrexa, na escaleira monumental, claustros e soto. Neste último espazo é más evidente polas dimensións dos conductos.



Figura 35. Elementos discordantes. *Esquerda*, o volume excesivo do polideportivo do Colexio; *dereita*, a proximidade excesiva do aparcamento público.

## I.5 USOS

### a. Uso actual

O uso principal do edificio é o docente, que foi o uso para o que foi concibido. Vinculados a este uso principal, e tamén dende o orixe do edificio, conviven nel o uso relixioso, museístico e o residencial das ordes encargadas de impartir a docencia.

A partir dos anos 60 acondicionáronse os sotos da ala esquerda para albergar en réxime de cesión as instalacións deportivas do Club Deportivo Calasancio, entidade independente, ligada tradicionalmente ó colelio escolapio.




Figura 36. Usos actuais: plantas semisoto e baixa. Omítense a representación dunha entreplanta na ala nordeste, actualmente sen uso.




Figura 37. Usos actuais: plantas primeira e segunda. Omítese a representación das plantas altas das pequenas torres de fachada (sen uso) e da entreplanta de uso docente na fachada posterior situada sobre os aseos da planta primeira.

**b. Uso orixinal**

O uso orixinal é o mesmo que o actual: docente , relixioso e residencial.

Ó longo da historia foi cambiando o destino dalgúns espazos para adaptarse ás necesidades de cada momento. A tendencia foi de expansión da superficie destinada a usos docentes en detrimento da destinada a uso residenciais, ó ir diminuíndo o número de relixiosos e ó aumentar os requirimentos de espazos docentes especializados.

**c. Outros usos**

Na actualidade e, de forma estacional, instalase una carpa no claustro principal para celebracións e eventos. Este uso, durante o período de vacacións das clases, permite xerar ingresos que contribúen a sufragar os gastos de mantemento do edificio.



Figura 38. Carpa instalada no claustro principal

## II. RÉXIME DE PROTECCIÓN

### II.1 NATUREZA E CATEGORÍA

Segundo o artigo 9, da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (en adiante LPCG):

Natureza: BEN INMOBLE

Segundo o artigo 10:

Categoría: MONUMENTO

O edificio, de gran complexidade, contén bens móbiles e inmóbiles de gran valor, susceptibles de una declaración de ben de interese cultural individualizada.

### II.2 NIVEL DE PROTECCIÓN

Segundo o artigo 41 da LPCG, o nivel de protección do ben é INTEGRAL.

### II.3 BENS ADSCRITOS

Relaciónanse a continuación os principais bens móbiles e inmóbiles contidos no Colexio.

A numeración dos bens indica o número de ficha do Anexo 2 (Tomo II).

#### BENS INMÓBLES

Nº de ficha	Nome	Ubicación
1	Retablo da Nosa Señora da Antiga. Retablo maior	Igrexa
2	Arcosolio e escultura de don Rodrigo de Castro	Igrexa
3	Lenzo de Nosa Señora da Antiga	Igrexa
4	Retablo da Nosa Señora das Escolas Pías	Igrexa
5	Retablo de San Xosé de Calasanz	Igrexa
6	Púlpito	Igrexa
7	Catro anxos co escudo de armas de don Rodrigo de Castro e seis pinxentes decorativos	Igrexa
8	Retablo do Santo Cristo	Igrexa
9	Retablo da Virxe das Dores	Igrexa

10	Retablo da Adoración dos Reis -Lenzo da Adoración dos Reis ou <i>Táboa de Monforte</i> -Lenzo de San Francisco de Borja	Igrexa
11	Retablo de San Xosé	Igrexa
12	Retablo das Reliquias	Igrexa

**BENS MOBLES**

Nº de ficha	Nome	Ubicación
13	Táboa de Santa Marta	Museo
14	Táboa de Santa Inés	Museo
15	Táboa de Santa Catalina de Alexandría	Museo
16	Táboa de San Pedro	Museo
17	Táboa de San Xoán	Museo
18	Lenzo da Aparición da Virxe co Neno a San Lourenzo	Museo
19	Lenzo de San Francisco de Asís e o irmán León ou San Francisco e frei León meditando sobre a morte	Museo
20	Lenzo da Morte	Museo
21	Lenzo do Xuízo Final	Museo
22	O cardeal don Rodrigo de Castro	Museo
23	Luva do cardeal don Rodrigo de Castro	Museo
24	Talla da Inmaculada	Museo
25	Libro de actas notariais do testamento do Cardeal e da XII Condesa de Lemos dona Rosa M <sup>a</sup> de Castro	Museo
26	Tríptico ou Sacras	Museo
27	Santo Cristo	Museo
28	<i>Summa de exemplis et similitudinibus rerum</i>	Museo
29	<i>Tragoediae</i> (Tragomedias)	Museo
30	<i>Fortalitium Fidei</i>	Museo
31	Crónicas de Reis	Museo
32	Libro de sentenzas	Museo
33	Pezas de prata (catro)	Museo
34	Tratado de cetraría	Museo
35	Crónica de Don Enrique III de Castela	Museo
36	Talla da Inmaculada Concepción	Museo
37	Cartafoles do arquivo histórico	Arquivo
38	Biblioteca	Biblioteca

## DESCRICIÓN DOS BENS DE ALTA PROTECCIÓN

### Altar maior da igrexa

Esta cabeceira representa a culminación da ambiciosa empresa construtiva de don Rodrigo de Castro. A finalidade desta zona preeminente da igrexa foi a de ser recinto funerario, seguindo o modelo da igrexa de El Escorial con idéntica fusión do altar maior e a tumba, seguindo as directrices que deixou marcadas nas escrituras do seu testamento. Así o presbiterio é de arquitectura clasicista, á maneira de Vignola, repetido varias veces no documento de *Condiciones*<sup>58</sup> e no de *Tasación de lo obrado*.<sup>59</sup>



Figura 39. Detalle da cabeceira da igrexa

Nos muros do presbiterio sitúanse dous arcosolios á maneira de grandes relicarios. O do evanxeo contén os restos do comitente, co seu retrato orante de bronce realizado a finais do século XVI por Juan de Bolonia (1529-1608). É un gran momento de desenvolvemento da escultura funeraria, e don Rodrigo elixe a un artista florentino, o que amosa o interese artístico que o Cardeal demostrara nas súas viaxes por España e o estranxeiro.

A imaxe más venerada polo Cardeal foi a da Nosa Señora da Antiga, admirada desde que chegou a Sevilla. Esta veneración plásmase en dúas obras: a escultura da Nosa Señora da Antiga regalada ao Colexio por Francisco de Moure en 1636, situada na parte central do retablo, e a copia que solicitara o cardeal do lenzo que se atopa na catedral de Sevilla, e que foi doada por el ao Colexio. Está colocada fronte ó arcosolio do Cardeal.

<sup>58</sup> Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 2:271; 280.

<sup>59</sup> «Tasación de lo obrado y cláusulas para la prosecución del Colegio», 1598 en Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 2:316.

O retablo abarca todo o muro da cabeceira da igrexa, seguindo o ideario trentino de amosar de forma clara o discurso para os fieis. Moure cínguese ás Escrituras e aos escritos canónicos da tradición, fundamentalmente do Novo Testamento, e mostra a superación da morte cunha linguaxe propia. O contrato con Francisco de Moure faise en 1625, xa morto o Cardeal, e modifícase en 1631, introducindo cambios estilísticos, de acabados e arquitectónicos. En 1639, tras a morte de Francisco de Moure, faise un reconto da obra aludindo ao aproveitamento de pezas realizadas para os colaterais.<sup>60</sup>

### Nave do Evanxeo

Na nave do evanxeo destan tres retablos: o do Santo Cristo, o da Adoración dos Reis e o das Reliquias.

O retablo do Santo Cristo está presidido polo Cristo crucificado de mármore, obra de Valerio Cioli de 1595, cuxa autoría e datación encóntranse gravados no pano de pureza. Na parte superior do retablo sitúase unha reproducción fotográfica do cadre de El Greco, *A Visión de San Lourenzo*. O orixinal pode verse no museo do Colexio.



Figura 40. Capelas da nave do evanxeo

No retablo da Adoración dos Reis, o protagonismo é do lenzo da *Adoración dos Reis*, copia da táboa de Hugo Van der Goes da segunda metade do século XV. A táboa de Hugo Van der Goes saíu de Monforte con dirección a Alemaña en 1914. Na actualidade amósase na Gemäldegalerie, en Berlín .A copia en lenzo, que chegou en 1920, era parte do prezo que os alemáns tiñan que pagar. Co diñeiro da venda púidose terminar o Colexio. Na parte superior do retablo hai un lenzo coa representación de Francisco de Borja, un afamado impulsor da Compañía de Xesús. No testamento de don Rodrigo di que entre os bens que deixa ao Colexio, figura unha capela de sete taboleiros entre os que nomea un chamado *A adoración dos Reis*.

Item mando al dho Collexio para la dha Capilla..vn retablo que io tengo en mi oratorio...en el qual ai Siete tableros de Iluminación [...], otro de la adoracion de los reies [...]]<sup>61</sup>

<sup>60</sup> Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 2: 363-373

<sup>61</sup> *Ibid*, 2:333

Aínda que posteriormente Cotarelo pásao por alto e di que don Rodrigo non nomea nada similar no testamento. O que si fai Cotarelo é recollelo en inventarios posteriores: «...cabe suponer lo haya adquirido en sus viajes a Flandes».

O retablo das Reliquias sitúase na última capela ó lado do evanxeo. No seu testamento, don Rodrigo fai unha declaración de todas as reliquias que deixa ao Colexio, e di que quere que se coloquen no altar maior ou en calquera outra parte que os testamentarios elixan. O cardeal morre en 1600 e a capela das Reliquias pasa a situarse na última capela do lado do evanxeo. As disposicións para a capela estableceas no documento de *Fundación y dotación del Colegio*<sup>62</sup>, en 1593 e na redacción do seu testamento en 1598.<sup>63</sup> Nestes textos fala de moitas pezas artísticas para ser colocadas xunto coas reliquias na capela de devandito nome. A capela das Reliquias converteuse, a través das súas testamentarios, nunha capela que acolle un retablo barroco no que se gardan as reliquias do patrón, sen dar cabida aos taboleiros policromados que o cardeal quería colocar alí.

## Museo

No museo exhibense dez obras pictóricas, dúas esculturas, catro pezas de prata, unha luva pertencente a don Rodrigo de Castro, un pequeno tríptico, unha cruz, e oito documentos en forma de libro:

- Cinco táboas de Andrea do Sarto: *San Pedro*, *San Xoán Bautista*, *Santa Inés*, *Santa Catarina* e *Santa Marta*, que coinciden coas táboas que estiveron primeiro repartidas pola igrexa redescubertas por Sánchez Cantón, e agora forman parte da colección do museo do Colexio. Poden ser as que don Rodrigo indica que se colocasen na capela das reliquias:

Item mando al dho Collexio para la dha Capilla adonde se han de colocar las dhas reliquias [...], y a los lados deellas se pongan zinco Imágenes queio tengo guarneidas de nogal en partes doradas todas de vn tamaño que la vna es de san Pedro e la otra de san Juan Baptista, y la otra de santa Ignes, y la otra de santa Catalina, y la otra de santa Marta.<sup>64</sup>

- Dous lenzos coa representación da *Visión de San Lourenzo* e *San Francisco e o irmán León* de El Greco. Nestes dous casos o testamento do cardeal dispón que se coloquen polos altares da igrexa.

Item mando que las imágenes que io tengo [...] e otra de San Lorenzo, [...], e otra de San Francisco que tiene una calabera en las manos y a los pies su compañero se pongan en los Altares que se hicieren en la Iglesia [...].<sup>65</sup>

Pola descripción dada corresponden aos dous lenzos de El Greco. Como deixou escrito o cardeal no seu testamento, estiveron a formar parte de dous retablos das capelas.

- Os libros históricos expostos nas vitrinas do museo son: *Libro de actas notariales del testamento del Cardenal y de la XII Condesa de Lemos doña Rosa M<sup>a</sup> de Castro*, *Summa exemplis et similitudinibus rerum*, *Tragoediae*, *Fortalitium Fidei*, *Crónicas de Reyes*, *Libro de Sentencias*, *Tratado de cetrería* e *Crónica de Don Enrique III de Castilla*. A biblioteca de don

<sup>62</sup> «Fundación y dotación del Colegio», 1593 en Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 2:300.

<sup>63</sup> Cotarelo, *El cardenal don Rodrigo...*, 2:331-333.

<sup>64</sup> *Ibid*, 2:333

<sup>65</sup> *Ibid*, 2:334

Rodrigo é doada ó Colexio no seu testamento de 1598. Consiste en libros e papeis que, sen destacar ningún, di que son de: teoloxía, canons, leis, historia, medicamento, e outras artes.<sup>66</sup>

[...] pero es de suponer que esta primera entrega de 1600 no sería muy copiosa. Sotomayor murió en Valladolid el 2 de mayo de 1608 [...] mas los libros estaban en Sevilla, y debieron de llegar muy mermados a Monforte.

Acomodároslos allí los jesuitas y los acrecentaron mucho con importantes adquisiciones posteriores [...]

Cotarelo fai un exhaustivo inventario do que queda da biblioteca en 1940.<sup>67</sup> O que queda na actualidade é o que se exhibe no museo.




Figura 41. Antiga sacristía que actualmente acolle o museo

### Arquivo histórico

No arquivo do Colexio é onde se atopan os cartafoles cos mazos de documentos históricos de varias épocas, desde o século XVI, fundación do Colexio, ata o XIX coa chegada dos Pais Escolapios. Aparecen ordenados e enumerados nun caderno no devandito arquivo. O P. Esteban Martínez di que en 1793 un capelán das Clarisas fai un inventario detallado do estado de conservación do Colexio por esas datas, recollido tamén por Cotarelo:<sup>68</sup>

[...] Don José Arnés, Capellán Mayor del Convento de las Clarisas, hizo una descripción amplia, minuciosa y detallada de todas y cada una de las partes y dependencias del edificio. Por esta descripción hecha en 1793, se puede conocer cómo se encontraba el Colexio en aquellas fechas. Esta descripción estuvo en manos particulares hasta su entrega en 1930 y que ahora se encuentran en el Archivo del Colexio [...].<sup>69</sup>

---

<sup>66</sup> *Ibid*, 2:102;332

<sup>67</sup> *Ibid*, 2:103-108

<sup>68</sup> *Ibid*, 2:373

<sup>69</sup> Martínez González, *Colegio Ntra. Sra. de la Antigua...*, 42

## II.4 RÉXIME DE PROTECCIÓN

### a. Actuacións nos bens (zonificacións propostas)

A determinación pormenorizada das actuacións posibles é complexa ao tratarse dun edificio vivo. O seu uso como colexio, que é un elemento relevante do seu valor, está sometido a evolución das necesidades e a regulacións normativas. A proposta tenta manter o equilibrio entre a protección dos valores históricos e artísticos que demanda o monumento e as intervencións necesarias que permitan a viabilidade do mantemento do seu uso docente.

Aplicando estes criterios, as actuacións contempladas por espazos e indicadas nos planos son as seguintes, segundo a definición do art. 40 da LPCG:

#### **Actuacións de restauración**

- Igrexa e os espazos situados sobre as capelas laterais
- Escalera monumental
- Claustros, incluíndo os seus corredores en planta primeira
- Museo (antiga sacristía)
- Antesacristía
- Muros de fachada e muros interiores en planta semisoto
- Espazos abovedados na planta semisoto

#### **Actuacións de rehabilitación**

- Interior dos espazos destinados a uso docente e residencial
- Interior dos espazos da antiga zona residencial en planta segunda
- Interior dos espazos ocupados co uso deportivo na planta semisoto da ala esquerda
- Interior dos espazos ocupados co uso docente na planta semisoto da ala dereita
- Cubertas do edificio, agás as das torres da igrexa, a cúpula, remates da fachada principal da igrexa e os elementos de granito ornamentais do resto do edificio

#### **Actuacións de reestruturación**

- Pasadizo de comunicación situado tras a igrexa
- Novas escalaixas de acceso desde o patio

#### **Cautelas de protección específicas**

Independentemente dos tipos de actuación tomaranse cautelas de protección en:

- *Muros do claustro dereito:* co fin de garantir a protección de posibles restos de monteas non identificados, analizaranse os paramentos antes de calquera limpeza ou obra.
- *Muros e bóvedas da planta semisoto:* non están suficientemente estudiados e son clave para entender a evolución da construcción do edificio e as modificacións introducidas durante a súa

construcción. Calquera intervención neles sería obxecto de control arqueolóxico e lectura estratigráfica de paramentos.

Co fin de protexer posibles estruturas de cimentación que foran modificadas, a área de cautela arqueolóxica esténdese a unha banda de 10 metros arredor do edificio.

### **Plan de conservación**

Dada a complexidade e singularidade do edificio e necesaria a reacción dun Plan Director que estableza as liñas de intervención e regule os seus usos.

De todas as actuacións necesarias para a conservación do ben considéranse prioritarias e urxentes as seguintes:

- De conservación das cubertas.
- De reestruturación no pasadizo de comunicación tras a igrexa




Figura 42. Zonificación de tipos de intervencións contempladas. Plantas semisoto e baixa.




Figura 43. Zonificación de tipos de intervencións contempladas. Plantas primeira e segunda.



Figura 44. Zonificación de tipos de intervencións contempladas. Planta de cubertas.

### b. Actuacións no contorno

As actuacións no contorno de protección non alterarán os valores ambientais orixinais que aínda se conservan e estarán encamiñadas á integración ambiental e visual dos elementos discordantes. Rexitaranse as actuacións que puideran afectar aos valores propios do ben, á súa contemplación e á configuración do contorno.

Nos restos da cerca de pecha da antiga parcela só se permitirán actuacións de conservación e restauración co fin de preservar a pegada da antiga propiedade

Nas edificacións que pechan o espazo público que da fronte ao Colexio manterase a parcelación e aliñacións históricas.. Na obras a executar nas antigas construcións empregaranse as características tradicionais, tanto no relativo aos materiais empregados, acabados de fachada, carpinterías, tipoloxías compositivas de fachada e volumes. Nas de nova planta manterase o volume e a composición en fachada propios das edificacións tradicionais co fin de conseguir a súa integración tipolóxica e compositiva dentro do conxunto.

Levaranse a cabo obras de mellora da percepción dos elementos inadecuados no contorno, tales como o aparcamento, os depósitos de combustible do propio edificio e das Casiñas e o polideportivo. Con respecto ao polideportivo sería deseable redefinir a súa situación dentro da parcela, distanciándoo e adaptándoo á topografía, de maneira que o seu volume e materiais de acabado harmonicen co edificio do Colexio.

No espazo público do Campo da Compañía e as rúas incluídas dentro do contorno se ordenará o tráfico rodado dando prioridades ao uso peonil e coidando os materiais de pavimentación. Así mesmo tentarase a eliminación de cableados vistos da rede eléctrica e de telefonía.

### c. Régime de usos e limitacións

Manteranse e protexeranse os usos principais —docente, relixioso, museístico e residencial—, que son os orixinais e que se mantiveron desde a fundación do edificio. Considerase que son un dos valores singulares do Colexio.

En canto a posibilidade de usos diferentes dos orixinais, en concreto á instalación temporal da carpá no claustro derecho para celebración de eventos, estímase compatible co mantemento e preservación dos valores culturais do edificio, máis deberán regularse no Plan Director os períodos para o funcionamento, as características construtivas e forma de instalación da mesma.

En relación a outros posibles usos, fora dos descritos, estes serán autorizables sempre que non sexan incompatibles ou prexudiciais para a súa protección, nin interfirian nos usos existentes.

### II.5 PROPIEDADE

A propiedade a ostenta a Casa de Alba e o uso, en régime de usufruto vitalicio, a Casa de Escuelas Pías de Monforte (PP. Escolapios).

